

## **REGULAMENTO - X MILLA PORRIÑESA “Festas do Cristo” -**

O Concello do Porriño, en colaboración co Club Atletismo Porriño, organiza a X Milla Porriñesa “Festas do Cristo”, no centro urbano da vila, o venres 27 de setembro de 2019. O horario de comenzo das probas será as 17:00. A saída e a chegada serán na Praza do Concello (Praza Antonio Palacios).

### **1. PARTICIPANTES:**

Poderán participar atletas federados e non federados; habendo unha soa clasificación conxunta. O control das carreiras estará a cargo do Club Atletismo Porriño.

### **2. CATEGORÍAS DOS PARTICIPANTES, DISTANCIAS E HORARIOS:**

17:00 h – De 2 a 4 anos inclusive – 100 m.

17:05 h – De 5 a 7 anos inclusive – 100 m.

17:10 h – De 8 a 10 anos inclusive – 400 m.

17:20 – De 11 a 14 anos inclusive – 800 m.

17:30 – Carreira absoluta > 15 anos – 1.609 m.

Nesta última carreira haberá 3 categorías:

- Absoluta: > 15 ata 35 anos
- Veteranos A: > 35 ata 50 anos
- Veteranos B: > 50 anos

### **3. PREMIOS E TROFEOS**

#### **CATEGORÍAS MENORES:**

– Trofeos para os tres primeiros de cada categoría e sexo. Medallas para o resto dos participantes

#### **CATEGORÍA ABSOLUTA:**

– Trofeos para os tres primeiros de cada categoría e sexo, e unha bola de pan do Porriño para os primeiros.

#### **4. INSCRICIÓN**

A inscrición é totalmente **GRATUÍTA**. Pódense anotar atletas vía online **ata o día 26 de setembro ás 23:59 h.** na páxina web do Club Atletismo Porriño ([www.atletismopor.com](http://www.atletismopor.com)) na pestana correspondente á X Milla Porriñesa Festas do Cristo 2019.

#### **5. VESTIARIOS**

Haberá servizo de duchas e vestiarios a disposición dos atletas no Polideportivo Municipal do Porriño.

#### **6. RECLAMACIÓN**

As reclamacións ós resultados oficiais deberán formularse verbalmente á persoa responsable da Competición unha vez rematadas as probas.

#### **7. CESIÓN DOS DEREITOS DE IMAXE**

Durante o evento deportivo vanse tomar imaxes dos corredores e do entorno xeral da carreira. Coa inscrición e a participación, acéptase a cesión dos dereitos de imaxe para o uso das fotografías co obxectivo da difusión da actividade nos diferentes medios de comunicación. Os datos cedidos para a inscrición serán empregados exclusivamente para a correcta organización do evento, segundo a Ley Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal (LOPD).